

CELEBRACIÓN EN OS COTOS

28-29 de marzo do 2026

SÁBADO - DOMINGO DE RAMOS



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé na porta da igrexa)

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Con esta celebración do Día de Ramos iniciamos a Pascua do Señor. Queremos acompañar a Xesús no seu camiñar nestes días. Imos cara Xerusalén.

A súa entrada na cidade é triunfal: un Rei que chega ao seu pobo e que trae a esperanza da vida nova. Un Rei aclamado por todos, grandes e pequenos, que o acollen na súa vida.

Dende as portas da nosa igrexa parroquial, tamén nós queremos compartir ese triunfo da esperanza que nos trae Xesús. Que estes sinxelos ramos sexan o mellor dos símbolos para expresar que tamén nós estamos preparados para acoller con alegría ao Señor que entra no corazón de cada un de nós para DARNOS VIDA.

(Imaxinámonos a escena: Xesús chegando ás portas da cidade de Xerusalén. Onda el acoden moitos veciños e veciñas para o arrouparen e o aclamaren coma o que ten que vir no nome de Deus. Saíron ao seu encontro con cantos, e ramiños de oliveira). Escoitémolos

LECTURA DO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, cando se aproximaban a Xerusalén e chegaron a Betfagué, ao pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos, dicíndolles:

- Ide á aldea que tendes aí de fronte, e de seguida atoparedes unha burra atada e un burriño con ela; ceibádeos e traédeos. Se alguén vos pregunta algo, respondédeslle que lle fan falta ao Señor, e que de seguida llos mandará de volta.

Isto sucedeu para que se cumprise o que fora dito polo profeta:

Dicídelle á filla de Sión: Velaí o teu Rei que vén onda ti, humilde e montado nunha burra, nun burro, fillo de animal de carga.

Foron os discípulos, e fixeron o que Xesús lles mandara. Trouxeron a burra e mais o burriño, botáronlle enriba os mantos, e Xesús montou. Moita xente estendeu os mantos no camiño; outros cortaron ponlas das árbores, e estendéronas tamén no camiño. E a xente que ía diante e máis os que o seguían gritaban:

- Hosanna ao Fillo de David! Bendito o que vén no nome do Señor! Hosanna nas alturas!

E ao entrar en Xerusalén, toda a cidade conmovida preguntaba: - Quen é este?

A xente respondía:

- Este é o profeta Xesús, o de Nazaret de Galilea

Palabra do Señor

ORACIÓN PROPIA DE RAMOS NA PORTA

Celebrante: Deus, noso Pai, dínate bendicirnos a todos nós, que con estes ramos nos reunimos aquí, á porta da igrexa, para acompañarnos con alegría a Cristo Rei. Concédenos que unidos a El, dando froitos de boas obras, mellorando a vida con todos os remendos que a dona coresma nos presentou, poidamos ter parte na Xerusalén do ceo. Pedímoscho por Cristo Noso Señor.
(bendicimos os ramos)

Coma comunidade imitemos agora á moitedume que aclamaba a Xesús e vaíamos ao seu encontro en paz.

CANTO 🎵 ***O Señor noso Deus
ou Unha xuntanza de amor***

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante: Señor, noso Deus, Ti quixeches que o teu Fillo, noso Salvador, compartira no medio de nós, e El, por todos, deu a vida na cruz, para darnos á humanidade un exemplo do teu amar. Nel fanse cribles os remendos que estes días fomos atopando na nosa dona coresma.

Concédenos Pai que a Paixón de Cristo nos sirva de testemuño e merezamos participar na Resurrección.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

LECTURA DA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Señor Deus concedeume lingua de discípulo,
para saber instruír o cansado
cunha palabra que o anime na mañá.

El espreguiza pola mañá o meu oído
para escoitar coma discípulo.

O Señor abriu o meu oído,
e eu non me rebeleí, non me botei para atrás.

Ofrecín o lombo aos que me azoutaban,
e a miña cara aos que me arrincaban a barba.

Non escondín a miña cara
dos insultos e das cuspiñadas.

Pero o Señor axudárame,
por isto non me sinto avergonzado,
e poño a miña cara coma un diamante,
pois sei que non me avergonzareí.

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida*

SALMO

(en pé) *Lecci I A páx 87 Mt 26,14 – 27,66 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, compareceu Xesús diante do
gobernador Pilato, que lle preguntou:

- Es ti o rei dos xudeus?.

Respondeulle Xesús:

- Ti o dis.

E aos cargos que lle facían os sumosacerdotes e os
senadores non respondeu nada. Entón preguntoulle
Pilato:

- Seica non oes todo o que están testemuñando contra ti?.

Pero Xesús non respondeu a pregunta ningunha.

Entón Pilato soltoulles a Barrabás, e a Xesús despois
de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

Cando chegaron ao lugar chamado Gólgota, é dicir,
lugar da Caveira, crucificárono e repartiron os seus
vestidos botándoos a sortes.

Enriba da súa cabeza puxeron escrito o motivo da súa
condena: Este é Xesús, o Rei dos xudeos.

Dende o mediodía a escuridade cubriu toda aquela
terra ata as tres da tarde. E ao redor desta hora, clamou
Xesús e, con voz resoante dixo:

- Elí, Elí, lemá sabactaní?.

Isto é:

- Meu Deus, meu Deus, porqué me abandonaches?.

Logo Xesús, clamando outra vez con voz resoante
entregou o espírito e morreu.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller
a palabra no corazón



Esta festa do día de ramos achéganos a Xesús para acompañalo na súa entrada triunfal na cidade de Xerusalén.

Ao longo da vida Xesús foi amosando nos feitos o seu atrevemento para arrincar todo aquilo que pexa e estorba ás persoas. El demostrou humildade fronte ao querer ser máis que os demais, El demostrou compromiso fronte ás comodidades, El demostrou acollida fronte ao abandono, El demostrou ganas de vivir fronte ao cansazo dos asoballados, e El demostrou vida fronte á enfermidade e a morte.

Este vivir atrevido e coherente a Xesús custoulle a vida como vimos de escoitar no evanxeo deste día.

Non nos resulta difícil imaxinar a Xesús sentíndose orgulloso coa súa maneira de vivir. E ao mesmo tempo é fácil entender o orgullo que sentían aqueles veciños de Xerusalén ao enterarse de que Xesús viña compartir con eles. Aquel Xesús era crible, os seus feitos eran cribles, o seu xeito de vivir valía a pena, aínda que resultaba molesto para os poderosos.

Todos se daban conta de que con El melloraba a vida, porque El soñaba irmandade e paz, El soñaba esforzo e loita, El soñaba vivir con ganas, El soñaba agarimo e respecto e soñaba dar unha man. El soñaba e deu a vida polos seus soños, os nosos.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, camiñando xa na Pascua, renovamos a nosa vida e damos resposta da fe que compartimos, dicindo:

SI CREMOS

Monitor/a:

**Cremos en Deus, Pai e Nai,
Deus de esperanza máis alá dos medos,
Deus de vida máis alá dos fracasos,
Deus de Resurrección máis alá da morte?**

SI CREMOS

**Cremos en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que no camiño da Paixón e da súa entrega na vida,
nos amosa un amar sen límites?**

SI CREMOS

**Cremos no Espírito Santo,
que nos alumea no corazón para acoller e dar vida
na cruz da violencia que se vive en tantos lugares
e que nos deixa un pouso de desacougo?**

SI CREMOS

**Cremos na Igrexa,
comunidade que berra pola PAZ
e abrindo as súas portas peregrina cara á Pascua,
cara a VIDA, no camiño de Cristo Resucitado?**

SI CREMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Señor, cos nosos ramos queremos camiñar á túa beira, e queremos tamén achegarnos a todos os veciños e veciñas que por unhas ou outras razóns non var ter unha boa pascua. Digamos

SEÑOR, CAMIÑAMOS CONTIGO

Monitor/a:

- ✓ Facemos camiño e remendamos a vida para que coma Ti, coas nosas palabras, sexamos exemplo de irmandade e paz para as persoas que se senten crucificadas na vida, oremos
- ✓ Facemos camiño e remendamos a vida, para que, coma Ti, coas nosas mans, sexamos capaces de ter feitos de esforzo e loita á beira de quen se sente fracasado, oremos
- ✓ Facemos camiño e remendamos a vida, para que coma Ti, dende o corazón sexamos capaces de vivir con ganas doéndonos coas xentes feridas nunha violencia que escandaliza, nos enfada e non entendemos, oremos
- ✓ Facemos camiño e remendamos a vida, para que, coma Ti, dende a fe, sexamos capaces de compartir como igrexa que se fai crible en cada comunidade, oremos

Celebrante: Señor, Ti que nos queres vivos e dando unha man, non deixes que as cruces e os medos de hoxe nos convertan en persoas mortas e baleiras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Coma Xesús, querendo pousar as nosas vidas nas mans do Pai, pedimos hoxe que sexamos testemuñas do seu DAR VIDA sendo responsables e coidadosos da nosa fe, e sendo e dando exemplo de homes e mulleres de paz. Recemos con sinceridade:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: Coma Cristo, moitas veces son os demais os que nos axudan a sentirnos cheos de vida, moitas veces é aos demais aos que queremos agasallar coa nosa vida. Fagámolo hoxe compartindo un desexo sincero de paz para as xentes e os pobos que se senten mortos por ter que vivir afogados na violencia. Nós, coma irmáns en Cristo deámonos a paz.

🎵 n° 36 Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *Temos compartido con Cristo no camiño da súa vida, temos compartido con Cristo no camiño da súa paixón e da súa cruz, esperando compartir con Cristo na Resurrección, compartímolos agora sabéndonos convidados a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 41** *Quen nos vai separar de Ti*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, celebramos a vida do teu Fillo, acompañándoo hoxe cos ramos na súa entrada triunfal en Xerusalén.

Fainos esperar o que nos promete a nosa fe e concédenos chegar pola súa resurrección á VIDA QUE ESPERAMOS.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Hoxe, cos nosos ramos, queremos facer o noso camiño cara a Pascua, da man de Xesús.

Coma El non queremos quedarnos en rutinas e costumes, queremos máis ben facer crible e viva a Pascua.

Con Cristo crucificado queremos achegarnos á vida dos que se perden na traxedia dos refuxiados, dos que sofren abusos mesmo no seo da igrexa, das que malviven na violencia de xénero, dos que se senten mortos e enterrados nas escandalosas guerras. Ante todas estas cruces, nós sexamos xentes de paz.



Semana Santa

“CRUCIFICÁRONO”

Palabra de VIDA no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana santa, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus